

CONVENIO DE COLABORACION EMPRESARIAL ENTRE ABANCA CORPORACION BANCARIA, S.A. E A FUNDACION CIDADE DA CULTURA DE GALICIA CON MOTIVO DA IV CONVOCATORIA DOS PREMIOS EMPRENDE CULTURA GAIÁS-“SIXTO SECO” 2016

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia , **DECLARA:**

Que esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia ten previsto formalizar con ABANCA CORPORACION BANCARIA, S.A. o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata outubro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular os termos e condicións da colaboración de ambas entidades, con motivo da cuarta (IV) convocatoria dos premios Emprende Cultura Gaiás-“Sixto Seco” 2016.

Co fin de alcanzar o devandito obxecto, ABANCA asume o compromiso de efectuar a achega económica para a promoción, divulgación, apoio e mecenazgo á celebración dos citados premios e en concreto, coa da modalidade A destes premios, referida a “proxectos innovadores para a programación de aplicacións informáticas relacionados co sector cultural e proxectos culturais en internet.”

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.



Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia (FCDCG) promove anualmente os Premios Emprende Cultura Gaiás-“Sixto Seco” na Cidade da Cultura de Galicia, que xa vai pola súa IV Edición, actuación consistente nun concurso dirixido a emprendedores e profesionais independentes do sector cultural, que pretende:

- ☐ Potenciar a realización de proxectos empresariais dentro do ámbito das industrias culturais.
- ☐ Impulsar o desenvolvemento de novas ideas no dito ámbito.

As modalidades que premian esta convocatoria son:

_ Modalidade A: proxecto innovador para a programación de aplicacións informáticas relacionados co sector cultural e proxectos culturais en internet.

_ Modalidade B: proxecto innovador para o desenvolvemento de proxectos na área do deseño e da creación artística e plástica no ámbito cultural

_ Modalidade C: proxecto innovador para o desenvolvemento de proxectos na área da xestión cultural.

ABANCA é unha das principais institucións financeiras do mercado español e colabora asiduamente con entidades, organismos e axentes sociais do tecido cultural e empresarial de todo territorio nacional na promoción, difusión e apoio ao coñecemento, á investigación, á cultura e á arte nas súas máis diversas facetas. ABANCA mantén e desenvolve unha importante actividade económica na Comunidade Autónoma de



Galicia a través dos seus distintos centros nela situados, e reconece a importancia do emprendemento cultural relacionado coas novas tecnoloxías e, por extensión, a importancia dos premios Emprende Cultura Gaiás-“Sixto Seco”, e a tal fin desexa colaborar na súa realización, promoción e difusión, en consonancia coa súa política social corporativa

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago a 20 de xuño 2016

(asinado dixitalmente)

